

## ACTA Nº 08/2011

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DO CONCELLO

En Moaña a 11 de xuño de dos mil once, ás 12 horas, reúnen no Salón de Plenos da Casa Consistorial, a fin de celebrar sesión constitutiva da Corporación municipal, os Srs. Concelleiros que a continuación se relacionan e que resultaron proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona de Pontevedra, segundo os resultados das eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2011.

Os Concelleiros asistentes constitúen a maioría absoluta dos Concelleiros electos, xa que supoñen o total dos elixidos, co obxecto de celebrar a sesión pública Extraordinaria de constitución do novo Concello, de conformidade co disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Do presente acto da fe o Secretario Xeral do Concello, Don Carlos Piñeiro Sarmiento.

#### Concelleiros asistentes

Pola lista electoral do Partido Popular

D. José Ferverza Costas  
Dna. Susana Varela Santiago  
D. Jorge Santomé Gestido  
D. Angel Manuel González Riobó  
Dna. María Colomba López Freire  
Dna. Rosa Solla Veiga  
D. José Freire Cancelas  
Dna. María del Carmen Maya Santomé

Pola lista electoral do BNG

D. Xosé Manuel Millán Otero  
Dna. María Martínez Nogueira  
D. Diego Manuel Riobó Martínez  
Dna. María Beatriz Riobó Rouco  
D. Valentín Piñeiro González  
Dna. María Libertad Cruz Couso  
D. Daniel Rodas Chapela

Pola lista electoral do PSG-PSOE

D. Victor Manuel Pastoriza Lino  
D. Arturo González Pérez

Declarada aberta e pública a sesión, dase comezo á mesma pasándose a tratar os asuntos da orden do día, as actuacións que se desenvolven son as que a continuación se refrean:

## **1. COÑECEMENTO DA NORMATIVA APLICABLE**

O Secretario da Corporación da conta aos reunidos da normativa que regula a celebración da sesión constitutiva do Concello e a elección do Alcalde, así como dos requisitos necesarios para a adquisición da condición de Concelleiro e para a toma de posesión do cargo.

Dase conta tamén da Acta de proclamación de candidatos electos emitida pola Xunta Electoral de Zona de Pontevedra, da que se desprende que foron proclamados Concelleiros de Moaña as persoas antes relacionadas.

## **2. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

De acordo co establecido no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, que resultan ser, respectivamente, D. Arturo González Pérez que actúa como Presidente e Dña. Dña. María Martínez Nogueira que actúa como vocal, actuando como Secretario o da Corporación D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

## **3. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS**

A Mesa procede a comprobar as credenciais presentadas e as acreditacións da personalidade dos electos, con base ás certificacións remitidas pola Xunta Electoral de Zona, atopándoas conformes.

## **4. CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PARA A TOMA DE POSESIÓN DE CARGOS DE CONCELEIRO**

### *4.1. Declaracións sobre causas de incompatibilidade e actividades e de bens patrimoniais*

O Secretario da Corporación da conta de que a totalidade dos Concelleiros electos formulou ante a Secretaría a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionan o poden proporcionar ingresos económicos e declaración sobre os seus bens patrimoniais, de conformidade e en cumprimento do previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, as cales se inscribirán nos correspondientes Rexistros de Intereses constituído no concello.

### *4.2. Xuramento ou promesa de cumprimento das obrigas do cargo*

Realizada a operación anterior, a fin de que polos Sres. Concelleiros podan tomar posesión dos seus cargos, os candidatos electos proceden a prestar xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, así como a cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou Regulamentos, procedendo, a estes efectos, o Presidente da Mesa de Idade a dar lectura á fórmula de promesa ou xuramento establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, do seguinte tenor:

Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do estado, o Estatuto de Autonomía e as leis.

A continuación todos os electos toman formalmente posesión de sus cargos de Concelleiros.

## **5. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Realizados os trámites anteriores, e comprobándose que concurre á sesión a maioría absoluta de Concelleiros electos, a Mesa, declara constituída a Corporación de conformidade co establecido no artigo 195.4 da lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

## **6. ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA**

Acto seguido a Mesa anuncia que se vai a proceder á elección de Alcalde ou Alcaldesa, informando que, de acordo co establecido no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, poden ser candidatos os Concelleiros que encabecen as súas correspondientes listas, proclamándose o que obteña a maioría absoluta dos votos, e se ningún obtén dita maioría, será proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos no municipio.

A Mesa acorda aplicar á votación os mesmos criterios de validez e nulidad de votos empregados no proceso electoral de conformidade ca normativa aplicable.

O Sr. Presidente da mesa pregunta se os concelleiros que encabezan as correspondientes listas electorais se postulan como candidatos á elección de Alcalde, ante a resposta positiva, resulta que presentan candidatura los siguientes cabezas de lista:

D. José Ferverza Costas, cabeza da lista electoral do Partido Popular.

D. Xosé Manuel Millán Otero, cabeza da lista electoral do BNG.

D. Victor Manuel Pastoriza Lino, cabeza da lista electoral do PSG-PSOE, renuncia a postularse.

A continuación se procede á votación para a elección de Alcalde, que se realiza polo procedemento de votación secreta, mediante votos que introducidos nun sobre, son depositados polos votantes nunha urna.

Realizada a votación, procédese ao escrutinio dos votos emitidos, arroxando o seguinte resultado:

Votos emitidos: 17

Votos válidos: 17

Votos nulos: 0

Votos a candidaturas: 16

Votos en blanco: 1

A distribución dos votos entre as candidaturas é o seguinte:

D. José Ferverza Costas, 8 votos.

D. Xosé Manuel Millán Otero, 8 votos.

## **7. PROCLAMACIÓN DE ALCALDE**

Visto o resultado do escrutinio dos votos emitidos para a elección de Alcalde, é proclamado Alcalde electo D. José Ferverza Costas, por resultar empate a oito votos, non acandando ningún dos candidatos postulados a maioría absoluta de votos emitidos e ser o Sr. Ferverza o Concelleiro que encabeza a lista, PP, que obtivo maior número de votos no municipio, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, reguladora do Réxime Electoral Xeral.

## **8. ACEPTACIÓN DO CARGO DE ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN**

A continuación D. José Ferverza Costas, comunica aos membros da Corporación a súa expresa aceptación do cargo de Alcalde para o que foi elixido e presta xuramento de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do estado, o Estatuto de Autonomía e as leis.

Cumplidos todos os requisitos legais, D. José Ferverza Costas toma posesión do cargo de Alcalde e pasa a presidir a Corporación, recibindo os aplausos do público asistente.

## **9. DISCURSO DO SR. ALCALDE AO PLENO DA CORPORACIÓN E PÚBLICO ASISTENTE**

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di o seguinte:

Bos días. Para min e para moitos moañeses é de sentido común que governe a lista máis votada. Como Alcalde, agardo que todos poidamos colaborar. Onte estiven na presentación do libro que se ven de editar sobre Moaña e quedei asombrado do gran esforzo que levamos feito. Agardo que sexamos capaces de loitar polos veciños de Moaña. Respecto para todos. Que poidamos levar a Moaña ao lugar que se merece nestes tempos difíciles. Contade connigo para o que queirades. (Aplausos).

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión sendo as doce horas e cincuenta minutos do expresado día, de todo o cal, coma Secretario dou fe.

**Vº PRACE  
O ALCALDE**

**O SECRETARIO**